

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

- 1096** *Real decreto 27/2018, do 26 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, en aplicación das disposicións relativas á política agrícola común.*

O 14 de setembro de 2016, con ocasión da revisión intermedia do Marco financeiro plurianual 2014-2020, a Comisión presentou unha proposta de regulamento, denominado «Ómnibus», que daba unha orientación do orzamento da Unión Europea aos resultados observados durante este primeiro período financiado e reflectía a necesidade de simplificación das medidas de aplicación dos fondos estruturais e de investimento europeos.

Foron varios os estudos realizados pola Comisión e o Tribunal de Contas Europeo cuxas conclusións puxeron de relevo que as normas de xestión e control dos ditos fondos son demasiado complexas, tanto para os xestores como para os beneficiarios, menoscabando así a eficacia na execución dos devanditos fondos, e que requiren, por conseguinte, a introdución dunhas normas máis sinxelas, accesibles e fáciles de aplicar.

Desta forma, iniciouse a tramitación da proposta de regulamento sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, que culmina coa revisión das súas normas, acompañada dos correspondentes cambios nos quince actos legislativos que se refiren a programas plurianuais, con dous obxectivos principais: a súa simplificación e a súa flexibilización.

Esta revisión do Marco financeiro plurianual supuxo, ademais dunha revisión dos regulamentos puramente financeiros, a modificación de certos aspectos dos actos de base da política agrícola común (PAC) 2014-2020, referentes á organización común de mercados dos produtos agrarios, aos pagamentos directos, á axuda ao desenvolvemento rural e ao financiamento, xestión e seguimento da PAC, cuxa entrada en vigor debера producirse a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Porén, visto o estado de tramitación da proposta legislativa no último trimestre de 2017, ao quedaren outros capítulos sectoriais do Regulamento «Ómnibus» por cerrar, tomouse a decisión de separar o acordo xa alcanzado en materia agrícola do resto do regulamento orixinal e finalizar a súa adopción formal mediante un regulamento independente que contén aquelas disposicións que afectan os regulamentos da PAC vixente, coa finalidade de asegurar a aplicación do capítulo agrícola do regulamento para a próxima campaña mediante a súa entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2018, que era o obxectivo inicial da Comisión cando presentou a proposta.

Desta forma, publícase o Regulamento (UE) 2017/2393 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2017, polo que se modifican os regulamentos (UE) n.º 1305/2013 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader); (UE) n.º 1306/2013 sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común; (UE) n.º 1307/2013 polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común; (UE) n.º 1308/2013 polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios, e (UE) n.º 652/2014, polo que se establecen disposicións para a xestión dos gastos relativos á cadea alimentaria, a saúde animal e o benestar dos animais, e relativos á fitosanidade e aos materiais de reprodución vexetal.

Dado o alcance xeral e eficacia directa da mencionada regulamentación, só é preciso establecer previsións adicionais no noso ordenamento xurídico naqueles aspectos que deban ser completados ou desenvolvidos para facer plenamente efectiva a súa aplicación e, na medida en que sexa necesario, por razóns de coherencia e comprensión. Require, en suma, aplicar no noso ordenamento as habilitacións contidas especificamente na citada disposición europea, e a súa razón última é procurar seguridade xurídica.

Vista a complexidade do trámite do novo regulamento e as negociacións entre Comisión, Consello e Parlamento, non era de esperar que o novo regulamento estivese aprobado até final de 2017, máxime cando a parte agrícola, agora escindida, se integraba nun regulamento financeiro máis amplo aínda en discusión. Por tal motivo, considerouse que o contido deste real decreto se limite ás modificacións en que obrigue a nova regulamentación da Unión Europea e aqueles cambios claramente favorables para os nosos agricultores e que dispoñan dun apoio institucional maioritario.

Desta forma, cómpre modificar o Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, que regula a normativa básica aplicable no Reino de España, correspondente aos réximes de axuda establecidos no Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 637/2008 e (CE) n.º 73/2009 do Consello.

Entre as modificacións derivadas da aplicación do regulamento recentemente publicado, redáctase no Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, unha nova definición para os pastos permanentes que amplía o espectro dos pastos elixibles, flexibilízase o cumprimento de diversificación de cultivos mediante a inclusión dos cultivos de arroz e leguminosas entre as excepcións ao cumprimento dos limiares en materia de diversificación no primeiro caso, e da propia diversificación no segundo, e incorpórase o trigo espelta (*Triticum spelta*) como cultivo diferenciado para estes efectos.

Así mesmo, elimínase o requisito que se exixía, para poder estar exento de diversificación e contar con superficie de interese ecolóxico, que a terra restante, non cuberta polos cultivos como barbeitos, herbas ou outras forraxes, leguminosas ou arroz, non debía exceder as 30 hectáreas.

Engádense, ademais, novos tipos de superficies de interese ecolóxico, tales como as superficies con *Miscanthus*, as superficies con *Silphium perfoliatum* e as terras en barbeito para plantas melíferas.

Co fin de incentivar a participación nos réximes de pagamento para agricultores mozos, dúplícase esta axuda até o 50% do valor medio dos dereitos de pagamento básico do mozo, tal e como posibilita o novo regulamento. Co mesmo obxectivo, flexibilízase a percepción deste pagamento, ao poder recibir a axuda durante cinco anos consecutivos desde a primeira solicitude, aínda que esta for anterior a 2018. Todo isto, en liña co obxectivo de favorecer o impulso e apoio á remuda xeracional no campo, e contribuír a paliar os problemas de perda de poboación que en moitas ocasións se poñen de manifesto, mediante o apoio aos mozos como colectivo clave. Este obxectivo encádrase, ademais, no compromiso do Goberno de facer fronte aos problemas demográficos e de despoboación, á posta en marcha de cantas medidas poidan contribuír a favorecer un desenvolvemento máis equilibrado e á incorporación desta perspectiva no conxunto das políticas públicas.

Por último, substitúese o anexo IX como consecuencia do cambio do factor de ponderación dos cultivos fixadores de nitróxeno desde 0,7 a 1, e da inclusión dos factores de ponderación das novas superficies de interese ecolóxico antes citadas.

Na elaboración da presente disposición consultáronse as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Así mesmo, en cumprimento do previsto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o proxecto de real decreto foi sometido ao procedemento de audiencia e información públicas e adecuase aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de xaneiro de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.*

O Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, queda modificado como segue:

Un. A letra i) do artigo 3 queda redactada da seguinte forma:

«i) «Pastos permanentes»: as terras utilizadas para a produción de herbas e outras forraxes herbáceas naturais (ventureiras) ou cultivadas (sementadas), incluídos os pasteiros permanentes, e que non fosen incluídas na rotación de cultivos da explotación durante cinco anos ou máis nin fosen decruadas durante cinco anos ou máis. Poden incluír outras especies arbustivas e arbóreas que poden servir de pastos e outras especies tales como arbustos e árbores que producen alimentos para os animais, mesmo se as herbas ou outras forraxes herbáceas non son predominantes ou ben non están presentes nas ditas terras.»

Dous. O artigo 20 queda modificado como segue:

i. As letras b) e c) do número 2 quedan redactadas do seguinte modo:

«b) Cando máis do 75% das terras de cultivo se utilice para producir herba ou outras forraxes herbáceas, ou para cultivar leguminosas, ou se deixe en barbeito, ou se dedique a unha combinación destes usos;

c) Cando máis do 75% da superficie agrícola admisible sexa utilizada como pasto permanente, ou para a produción de herba ou outras forraxes herbáceas ou de cultivos baixo auga durante unha parte significativa do ano ou do ciclo de cultivo, ou se dediquen a unha combinación destes usos;»

ii. Os números 3 e 4 substitúense polos seguintes:

«3. Ademais, os limiares máximos requiridos conforme o número 1 non serán de aplicación ás explotacións cando máis do 75% das terras de cultivo estea cuberto por herba ou outras forraxes herbáceas ou por terras en barbeito ou por cultivos baixo auga durante unha parte significativa do ano ou do ciclo de cultivo. En tal caso, o cultivo principal da terra de cultivo restante non deberá cubrir máis do 75% da dita terra de cultivo restante, excepto se esta está cuberta por herba ou outras forraxes herbáceas ou por terras en barbeito.

4. Para os efectos do presente artigo, entenderase como cultivo calquera das seguintes acepcións:

- a) o cultivo de calquera dos diferentes xéneros definidos na clasificación botánica de cultivos;
- b) o cultivo de calquera das especies no caso de *Brassicaceae*, *Solanaceae* e *Cucurbitaceae*;
- c) a terra en barbeito;
- d) a herba ou outras forraxes herbáceas.

Os cultivos de inverno e primavera, e o *Triticum spelta*, consideraranse cultivos distintos aínda cando pertenzan ao mesmo xénero, así como calquera outro tipo de xénero ou especie que sexa distinto dos anteriores e que sexa expresamente recoñecido como un cultivo distinto pola normativa da Unión Europea de directa aplicación nun futuro.

No caso de superficies con cultivos mixtos en sucos, cada cultivo contabilizarase como un cultivo distinto se representa, ao menos, o 25% da dita superficie. En tal caso, a superficie cuberta por cada cultivo calcularase dividindo a superficie total dedicada ao cultivo mixto polo número de cultivos presentes que cubran, como mínimo, o 25% da dita superficie, con independencia da proporción real de cada cultivo.

Nas superficies cubertas por un cultivo principal intercalado cun cultivo secundario, a superficie considerase cuberta unicamente polo cultivo principal.

As superficies en que se plante unha mestura de sementes consideraranse cubertas por un só cultivo denominado «cultivo mixto» independentemente dos cultivos específicos que conformen a mestura.

Non obstante, cando poida establecerse que as especies incluídas en diferentes mesturas difiren unhas doutras e se trate de mesturas cultivadas tradicionalmente, esas diferentes mesturas de sementes poderanse considerar cultivos únicos distintos, sempre que non se utilicen para o cultivo a que fai referencia a letra d) deste número.»

Tres. Os números 2 e 5 do artigo 24 quedan modificados como segue:

«2. Consideraranse superficies de interese ecolóxico:

- a) As terras en barbeito;
- b) As superficies dedicadas aos cultivos fixadores de nitróxeno que se enumeran no anexo VIII;
- c) As superficies forestadas de conformidade co artigo 31 do Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, co artigo 43 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, ou conforme o artigo 22 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, durante o transcurso do correspondente compromiso adquirido polo agricultor;
- d) As superficies dedicadas a agrosilvicultura que reciban ou recibisen axudas en virtude do artigo 44 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, ou do artigo 23 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, ou de ambos;
- e) As superficies con *Miscanthus*;
- f) As superficies con *Silphium perfoliatum*;
- g) As terras en barbeito para plantas melíferas (especies ricas en pole e néctar).

Os requisitos e condicións que deberán cumprir estas categorías de superficies de interese ecolóxico detállanse no anexo VIII.»

«5. Non obstante, o número primeiro non será de aplicación nos casos seguintes:

a) Cando máis do 75% das terras de cultivo se utilice para producir herba ou outras forraxes herbáceas, ou se deixe en barbeito, se empregue para o cultivo de leguminosas ou se dedique a unha combinación destes usos;

b) Cando máis do 75% da superficie agrícola admisible sexa utilizada como pasto permanente, ou para a produción de herba ou outras forraxes herbáceas ou de cultivos baixo auga durante unha parte significativa do ano ou do ciclo de cultivo, ou se dedique a unha combinación destes usos.»

Catro. Os números 1 e 3 do artigo 26 quedan redactados do seguinte modo:

«1. O importe do pagamento para agricultores mozos calcularase, cada ano, multiplicando o número de dereitos de pagamento que o agricultor activase de conformidade co artigo 16, por unha cantidade fixa correspondente ao 50% do valor medio dos dereitos de pagamento, en propiedade ou en arrendamento, que posúa o agricultor.

Para efectos do cálculo do importe citado no parágrafo anterior, o máximo número de dereitos de pagamento activados que se terá en conta non será maior de 90.»

«3. O pagamento concederáse por un máximo de cinco anos a partir do ano da primeira presentación dunha solicitude de pagamento para esta axuda complementaria e sempre que a dita solicitude se presente durante os cinco anos seguintes á instalación a que se fai referencia no artigo 25.b).2.º. Será, así mesmo, aplicable este período de cinco anos aos agricultores que recibisen o pagamento para agricultores mozos respecto das solicitudes presentadas antes de 2018.»

Cinco. Engádesse un último parágrafo no número I do anexo VIII co seguinte contido:

«No caso das terras en barbeito para plantas melíferas (especies ricas en pole e néctar), o Fondo Español de Garantía Agraria publicará na súa páxina web, antes do 1 de febreiro de 2018, a listaxe de especies ricas en pole e néctar admitidas no ámbito nacional e as condicións mínimas que se deben cumprir nas ditas superficies».

Seis. O anexo IX substitúese polo seguinte:

«ANEXO IX

Factores de ponderación a que se refire o número 6 do artigo 24

Tipo de superficie de interese ecolóxico	Factor de ponderación	Superficie de interese ecolóxico
Terras en barbeito (por m ²)	1	1 m ²
Superficies con cultivos fixadores de nitróxeno (por m ²) . . .	1	1 m ²
Superficies forestadas recollidas no artigo 24.2.c) (por m ²) . . .	1	1 m ²
Superficies dedicadas a agrosilvicultura recollidas no artigo 24.2.d) (por m ²)	1	1 m ²
Superficies con <i>Miscanthus</i> (por m ²)	0,7	0,7 m ²
Superficies con <i>Silphium perfoliatum</i> (por m ²)	0,7	0,7 m ²
Terras en barbeito para plantas melíferas (especies ricas en pole e néctar) (por m ²)	1,5	1,5 m ² »

Disposición transitoria única. *Aplicación.*

Este real decreto será aplicable a partir do 1 de xaneiro de 2018, data desde a cal resulta de aplicación o Regulamento (UE) 2017/2393 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2017.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de xaneiro de 2018.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA